



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

PROPOSTAS DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) PARA A REXENERACIÓN DEMOCRÁTICA E A LOITA CONTRA A CORRUPCIÓN

1.- Protección da representación pública da influencia dos grupos de presión

1.- Promover a revisión da lexislación sobre incompatibilidades para evitar a confluencia e influencia de intereses privados na xestión pública, particularmente a existencia das denominadas "portas xiratorias" entre o desempeño de cargos públicos e actividades privadas, e a toma de decisións con abuso ou desviación de poder no ámbito público en función de intereses privados.

Con tal fin, instar a ampliación das incompatibilidades, restrinxido a incorporación a empresas privadas de cargos públicos que ostentaron altas responsabilidades políticas en órganos de administración ou dirección, postos directivos, de representación corporativa ou institucional, en empresas de servizos esenciais, e particularmente, liberalizadas nas últimas décadas, mesmo aínda que as funcións se desenvolvan no exterior.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

2.- Protección das políticas e dos servizos públicos

1.- Impulsar a modificación da normativa de sectores económicos esenciais liberalizados (enerxía, telecomunicacións, sector financeiro...) para evitar situacións de oligopolio, asegurar a presenza pública en sectores estratéxicos, a capacidade de intervención pública para preservar o interese xeral e reclamar a asunción por parte de Galiza destas competencias para que atendan á nosa realidade socio- económica.

2.- Esixir a revisión da aplicación dos títulos competenciais relativos ás bases para a planificación económica, evitando que se impoñan regulacións económicas a prol dos oligopolios empresariais.

3.- Instar a promoción de instrumentos eficaces de cooperación xudicial internacional, para o auxilio xudicial internacional e o intercambio de información directa entre xuíces e fiscais, así como unha actuación decidida para combater e eliminar os paraísos fiscais.

4.-Iniciar un proceso de revisión e reversión de todos os servizos dependentes ou participados pola Xunta de Galiza e os seus entes instrumentais, que actualmente estean sometidos a unha xestión privatizada ou indirecta.

5.- Constituír unha mesa de traballo cos concellos galegos, co obxecto de impulsar un proceso que reverta para a xestión pública directa aqueles servizos considerados básicos.

6.- Estender ás empresas e entidades privadas que xestionan servizos públicos ou cuxo financiamento procede de fondos públicos as normas aplicábeis



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

ao sector público. En particular:

a) Crear prazas de persoal inspector público, con capacidade para revisar e controlar intensamente o cumprimento dos pregos de contratación nos servizos e contratos que se manteñan por xestión indirecta.

b) Garantir que, mentres se manteña a xestión privatizada, a contratación de persoal estea sometida aos criterios legalmente establecidos para as administracións públicas.

3.- Medidas para unha persecución máis efectiva dos delitos de corrupción

1.- Modificar o código penal para os delitos relacionados coa corrupción. Endurecemento de penas, afondar nas penas accesorias: devolución dos cartos, responsabilidade patrimonial das persoas responsábeis de delitos de corrupción; inhabilitacións permanentes para actividades e cargos públicos.

2.- Demandar a regulación da imposibilidade de concesión de indultos a condenados/as por delitos de corrupción, agás motivos de urxencia humanitaria.

3.- Mellora dos medios humanos, técnicos e materiais da administración de xustiza para a persecución da corrupción: fiscalía anticorrupción coa adscrición de unidades da UDEF, peritos adecuados para delitos complexos, reforzos na fiscalía e nos xulgados de persoal especializado.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

4.- Medidas para impulsar a transparencia

1.- Eliminar as prácticas de contratación pública que leven implícitos procesos negociados ou sen publicidade e, ao tempo, axilizar a tramitación dos procedementos e incorporar a valoración de elementos como o domicilio social das empresas e a creación de emprego no ámbito local ou galego.

2.- No ámbito galego:

2.1.- Non permitir modificados nin complementarios dos contratos de obra pública e servizos, sempre e cando estes teñan un valor superior ao 1% do total do contrato.

2.2.- No caso, non desexábel, de recorrer ao procedemento negociado, é imprescindible proceder á aprobación de instrucións ou guías nas que se establezan procedementos para a negociación obxectiva e documentada das propostas para adaptalas aos requisitos indicados nos pregos de cláusulas. En todo caso, débese xustificar adecuadamente a elección do adxudicatario.

2.3.- No caso de contratos menores, debe incorporar aos expedientes unha memoria que xustifique a necesidade de realizar a prestación.

2.4. - Realizar un rexistro de contratos menores, que será accesíbel a través da web da Consellaría onde consten o número, obxecto, contido, adxudicatario e importe deste tipo de contratos.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

2.5.- Eliminar a práctica de fraccionar o obxecto dos contratos e determinar cada ano as necesidades de obras, servizos e subministracións, tramitando os procedementos de contratación correspondentes á súa contía económica.

2.6.- Contemplan nos pregos de cláusulas todas as circunstancias que inflúan na adxudicación dos contratos, de xeito que poidan ser coñecidas polos licitadores no momento da elaboración das ofertas e só valorar nos informes técnicos os criterios definidos obxectivamente no prego de cláusulas administrativas.

2.7.- Esixir responsabilidades aos e ás técnicas redactoras dos proxectos polas carencias, insuficiencias e imprevisións que provocan a variación dos proxectos orixinais.

2.8. - Inclusión nos pregos de cláusulas administrativas de criterios de adxudicación medioambientais e sociais, incluíndo a ponderación de criterios como que as empresas garantan o retorno económico a Galiza e a creación de emprego de calidade.

3.- No ámbito dos concellos:

3.1.- Incrementar o control sobre a contratación menor, asegurando a participación de todos os grupos nas mesas de contratación e dando publicidade no perfil do contratante a todos os contratos adxudicados.

3.2.- Esixir a realización de censos públicos de empresas nos concellos para que sexan convidadas en todos os procesos de contratación



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

pública das institucións locais nos ámbitos da súa actividade e realizar un rexistro de empresas que incumpriron cláusulas contractuais, teñen débedas, sancionadas por abusos en materia de persoal e condenadas por casos de corrupción.

4.- Regular en base á independencia, publicidade, concorrência e transparencia, as relacións e axudas aos medios de comunicación privados.

5.- Dotar ao Consello de Contas dos medios económicos, humanos e técnicos para poder desenvolver labores de prevención da corrupción. Establecer mecanismos para requirir do Consello de Contas a fiscalización das actividades e remuneracións de todos os cargos públicos.

6.- Cumprir as recomendacións do Consello de Contas, en particular as relativas á execución orzamentaria e contratación pública.

7.- Asegurar o cumprimento escrupuloso dos preceptos da Lei de Transparencia, especialmente no referido aos gastos de persoal eventual, de gabinete, de asistencias técnicas, de protocolo, dos gastos presidenciais e de mantemento de Monte Pío.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

5.- Outras medidas de impulso democrático

1.- Reformar o Regulamento do Parlamento galego para asegurar un funcionamento do mesmo máis áxil, democrático e participativo, contemplando mecanismos de participación directa dos/as cidadáns/ás como a creación dunha Comisión de Participación Cidadá.

2.- Eliminar o aforamento dos cargos públicos electivos ou de designación por medio de institucións representativas.

3.- Protexer a inviolabilidade parlamentar para preservar o dereito dos/as cidadáns/ás a que os/as seus/súas representantes poidan exercer plenamente a súa función sen que se coarte a liberdade de expresión.

4.- Impulsar unha reforma da Lei electoral que mellore a proporcionalidade do actual sistema electoral, garantindo que o Parlamento galego sexa fiel reflexo da vontade expresada pola cidadanía nas urnas.

5.- Impulsar unha lei de consultas populares que permita a realización de consultas sen carácter vinculante e a reclamación, a través dunha proposición de lei a trasladar ao Congreso de deputados, da delegación de competencias para poder realizar consultas vinculantes que asegure que os/as cidadáns/ás galegos/as teñan plena capacidade de decidir sobre os asuntos que atinxan ao interese xeral do noso país.

6.- Modificar a Lei da Compañía de Radio Televisión de Galiza para garantir o carácter plural e independente dos medios públicos, imposibilitando



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

calquera instrumentalización governamental.

7.- Reclamar a modificación da Lei de financiamento dos partidos políticos para prohibir doazóns de empresas e tamén de persoas físicas que exerzan poder de dirección (sexan directivos, executivos ou accionistas de referencia) en empresas que teñen actividade vinculada a decisións políticas.

8.- Establecer reducións no gasto das campañas electorais, eliminando os envíos postais masivos e restrinxindo a publicidade en soportes privados, e garantindo unha maior presenza de todas as forzas políticas nos medios públicos de comunicación social, a través de debates obrigatorios entre persoas candidatas, amplas entrevistas e cobertura informativa destacada das campañas electorais.

9.- Análise das declaracións de intereses, patrimonio, ingresos e actividades dos cargos públicos ao inicio e ao fin do mandato, e cruce dos datos, no seu caso, con outras administracións para determinar a veracidade e congruencia.

Proposta relativa á comisión non permanente de estudo para a elaboración dun plan de medidas de prevención e erradicación da corrupción do Parlamento galego

Aprobar, antes da finalización do vindeiro período de sesións, o ditame da Comisión non permanente de estudo para a elaboración dun plan de medidas de prevención e erradicación da corrupción, con medidas efectivas no plano político, institucional e normativo.